



C O N C E L L O  
D E  
R I B E I R A

(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

María Sieira Ríos, secretaria do Tribunal Avaliador do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de ATS (GRADUADO/A EN ENFERMERÍA) DA UCA DE RIBEIRA (anterior UAD) en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal aprobada por Decreto da Alcaldía de data 09/05/2022, en cumprimento da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (Expte. 2024 ESTB000005),

**CERTIFICA:** Que, por unanimidade dos membros presentes do Tribunal constituído ás 10:00 horas do día 26/11/2024, acordouse o que a continuación se transcribe literalmente recollido na **“ACTA NÚMERO 1.- INICIO DO PROCESO SELECTIVO. DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO DE MÉRITOS. CUALIFICACIÓN TOTAL FINAL E PROPOSTA DE NOMEAMENTO.”**

(...) Rematada a avaliación, o Tribunal Cualificador, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

**PRIMEIRO.-** Outorgar a cada un dos/as aspirantes definitivamente admitidos/as a este proceso selectivo que a continuación se relacionan **as puntuacións que en cada caso se indican pola fase de concurso de méritos:**

Nº	Apelidos e nome	Experiencia profesional (máx. 90 puntos)	Cursos de formación e perfeccionamento (máx. 10 puntos)	Total (máx. 100 puntos)
1º	León Caamaño Ana María	86	10	96

**SEGUNDO.-** Que se publique no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica) e na súa páxina Web oficial ([www.ribeira.es](http://www.ribeira.es)) o resultado da cualificación do concurso de méritos do xeito que se detalla no cadro anterior.

**TERCEIRO.-** De conformidade coa Base 8.3 das que rexen este proceso selectivo, contra a valoración da fase de concurso os/as aspirantes poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas ante o propio tribunal avaliador.

Para a presentación de reclamacións dispónse dun prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviando ao fax 981 871 610, ou ao correo electrónico [maria.sieira.rios@ribeira.gal](mailto:maria.sieira.rios@ribeira.gal), a condición de que conste a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal.

**CUARTO.-** Declarar EXENTA da realización da proba de coñecemento da lingua galega á aspirante ante referida, ó ter acreditado estar en posesión do certificado CELGA 4 ou equivalente.

**QUINTO.-** De conformidade co referido na Base 9ª, e tendo en conta a orde de prioridade para o caso de empate na puntuación final do proceso selectivo recollido na referida Base 9ª das que



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80016008500O5L1K2R0H8P7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 27/11/2024  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/11/2024 10:07:27

EXPEDIENTE ::  
2024ESTB000005  
Fecha: 01/10/2024  
Hora: 00:00  
Und. reg: REGISTRO GENERAL



101600850005L1K2R0H8P7



C O N C E L L O  
D E  
**R I B E I R A**

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

rexen este proceso selectivo, a **CUALIFICACIÓN TOTAL FINAL** quedaría tal e como se dispón a continuación:

Orde	Aspirante	Concurso méritos	Puntuación total
1º	Ana Mª León Caamaño	96	96

**SEXO.-** De conformidade coa Base 9ª das que rexen este proceso selectivo, e concluída a cualificación final do mesmo, procédese a realizar, condicionada ás posibles reclamacións, **PROPOSTA DE NOMEAMENTO como persoal laboral fixo do Concello de Ribeira en favor do/a aspirante ANA Mª LEÓN CAAMAÑO.**

**SÉTIMO.-** De acordo co disposto no artigo 121.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra os acordos do tribunal cualificador cabe interpor recurso de alzada perante o Sr. alcalde-presidente, como órgano que nomea ao presidente do tribunal, sen prexuízo de calquera outro que se estime conveniente. O prazo será dun mes a partir do día seguinte ó da publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

*E para que conste, expido a presente certificación por orde da Presidenta do Tribunal Avaliador, en Ribeira, á data da sinatura dixital que figura ó pé deste documento.*



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80016008500O5L1K2R0H8P7 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 27/11/2024  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/11/2024 10:07:27

EXPEDIENTE ::  
2024ESTB000005

Fecha: 01/10/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL



01600850005L1K2R0H8P7